CONVOCATORIA DE AXUDAS RAMÓN E CAJAL 2026

No BOE de data 26 de setembro de 2026 publicouse o Extracto da Resolución de 25 de setembro de 2026 da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, pola que se aproba a convocatoria 2026 das axudas Ramón y Cajal, no marco do Programa Estatal de Recursos Humanos, do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación para o período 2024-2027. O texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS: 918641

A finalidade destas axudas é promover a incorporación e retención en organismos do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e de Innovación de persoal investigador, tanto español como estranxeiro, cunha traxectoria destacada co fin de que adquiran as competencias e capacidades que lles permitan obter un posto de carácter estable nun organismo de investigación, facilitando o inicio dunha liña de investigación mediante o financiamento dun proxecto propio de I+D+i e incentivando a creación de prazas de carácter permanente nas institucións de adscrición.

Así mesmo, preténdese incentivar a participación das persoas que obteñan unha axuda ao amparo do programa Ramón e Cajal nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC).
Permitirase a obtención automática do certificado R3 como investigador/a establecido/a, conforme ao previsto no artigo 22.2 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

En canto a contía máxima, esta ascende aos 240.000.000,00 de euros.

O prazo de presentación vai **dende o 10 de novembro ata o 10 de decembro de 2026** ás 14:00 horas**.**
As solicitudes de participación as presentaran os centros de I+D e as persoas candidatas respectivamente, de confirmidade co procedemento que se describe no artigo 12 da convocatoria

No lateral dereito dispoñedes da Resolución, o extracto e as fichas resumo da convocatoria.

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Resolución da Convocatoria de Axudas Ramón e Cajal 2026

Extracto da Resolución da Convocatoria de Axudas Ramón e Cajal 2026

Fichas resumo da Convocatoria de Axudas Ramón e cajal 2026